

SAIDA DE EMERXENCIA

Convocatoria de propostas do corpo e movemento para artistas galeg@s e/ou residentes en Galicia. Pensada especialmente para proxectos emerxentes ou de recente creación.

Desde o festival herDanza nesta VIII Edición queremos seguir propoñendo un espazo onde @s artistas emerxentes podan mostrar o seu traballo.

Esta convocatoria está especialmente pensada para compañías emerxentes e proxectos de nova creación, asimesmo intervencións, investigacións ou outro tipo de formatos e discursos mixtos. Así como a profesionais máis establecidos que teñan proxectos en proceso de creación.

Será indispensable que as pezas ou intervencións sexan adaptables a ser expostas nun parque ou espazo non convencional de Santiago de Compostela, e ter dispoñibilidade nalgunha das datas do festival (5 ao 7 de Setembro do 2024)

Os proxectos seleccionados recibirán **300 €** como axuda para o desprazamento e manutención en Santiago de Compostela.

O festival gárdase o dereito a deixar deserta esta convocatoria.

Os intérpretes deberán ser os mesmos que aparezan no material aportado. (Calquera modificación deberá ser previamente aprobada pola organización)

DATA LÍMITE PRESENTACIÓN: DOMINGO 28 de XULLO do 2024 ás 23:59

As propostas deberán ser achegadas a herdanzafestival@gmail.com coa seguinte información:

- Asunto: Saida de Emerxencia + Nome da peza
- Ficha Artística que inclúa sinopse, biografía e duración.
- Dispoñibilidade e número de compoñentes.
- Video da peza e/ou material gráfico da peza (ou ensaio se está en proceso de creación)

